

Resolución reitoral de 11 de novembro de 2025 pola que se modifica a composición da comisión de avaliación dos premios EGERIA á inclusión da perspectiva de xénero e/ou feminista nos traballos de fin de estudos de grao, de máster universitario e de teses de doutoramento da Universidade de Vigo, curso 2024/2025.

Unha vez publicada a Resolución reitoral de 17 de setembro de 2025 pola que se convocan os premios EGERIA á inclusión da perspectiva de xénero e/ou feminista nos traballos de fin de estudos de grao, de máster universitario e de teses de doutoramento da Universidade de Vigo, curso 2024/2025.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo*, do sistema universitario e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Modificar a base 6 do anexo I da Resolución reitoral de 17 de setembro pola que se nomea a comisión de avaliación que queda constituída do seguinte xeito:

Presidenta: Gloria María Pena Uris, profesora titular de universidade no Departamento de Enxeñaría dos materiais, mecánica aplicada e construción

Vogais:

- María de los Ángeles Fernández Villarino, profesora titular de universidade no Departamento de Didácticas especiais.
- Yolanda Rodríguez Castro, directora da Unidade de Igualdade

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger

